

APLICACIÓNS MÓBILES

Libres (Información útil para saber cómo actuar ante unha situación de maltrato)



ESCAPP. Secretaría Xeral de Igualdade



AGRESION OFF (Previr agresións sexuais)
Secretaría Xeral de Igualdade



Todas en rede: (Información sobre os diferentes recursos fronte á violencia de xénero)
Secretaría Xeral de Igualdade.



Todos en rede

TELÉFONOS DE INTERESE

GARDA CIVIL 062

POLICÍA LOCAL 092

EMERXENCIAS 112

URXENCIAS 061

TELÉFONO DA MULLER 24H 900 400273



"A separación física da persoa maltratadora da súa vítima non evita por si soa a violencia. Hai que marcar distancia interior e iso só se consegue traballando o duelo que supón a perda do amor. Habemos de entender as nosas emocións, saber despedirnos das cousas e das persoas, aprender a dicir non ao que non nos gusta, a pedir o que desexemos e a respectar o si ou o non da outra persoa. En suma hai que poñer a énfase no bo trato e aprender estes valores".



QUENDA DE GARDA SOCIAL PARA MULLERES E AS/OS SEUS FILLAS/OS QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO



Programa financiado por:



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
EMPREGO E IGUALDADE
Secretaría Xeral da Igualdade

QUE FACER?

O primeiro paso que podes dar é **explicar a túa situación a outras** persoas e pedir axuda.

Conta cos teus **familiares e amigos** de confianza para que te apoien e acompañen nestes momentos difíciles.

Acude tamén a pedir axuda e **asesoramento a profesionais**.

A ONDE PODO ACUDIR SE PRECISO INFORMACIÓN E ASESORAMENTO?

Centros de información ás mulleres (CIM)

Intervención gratuíta dirixida ás mulleres de xeito presencial que proporciona:

Asesoramento xurídico
Atención psicolóxica

Teléfono 016

Información e asesoramento xurídico

Teléfono da Muller de Galicia 900 400 273

Con sistema TELESOR para persoas con discapacidade auditiva

Oficinas de Atención ás Vítimas

Asistencia xurídica, psicolóxica e social de balde.
En Santiago, A Coruña, Vigo, Ourense, Lugo e Ferrol.

24 HORAS
ANÓNIMOS
GRATUÍTOS
365 DÍAS

**O AMOR NON DOE! SE NON TE TRATA BEN...
AMAR É LIBERDADE! MALTRÁTATE**

QUE RECURSOS OU PROFESIONAIS ESTÁN PARA AXUDARME?

♀ **Departamento de Servizos Sociais do teu concello**

♀ **Centros de Saúde**

Se o maltrato produce algún tipo de lesión física ou psicolóxica acude ao teu centro de saúde e pide axuda

♀ **Servizo de asesoramento xurídico online**
www.mulleresengalicia.org

♀ **Atención psicolóxica a vítimas de violencia de xénero e familiares**
629 777 595 Gratuíto e anónimo 24h/365 días

♀ **Programa de intervención con mulleres vítimas de abuso e violencia sexual**
981 269 955 / 607 11 6 42

♀ **Atención e Protección por teleasistencia (ATEMPRO)**
Servizo de atención e protección. Cruz Vermella 24h/365 días

A QUE RECURSOS ECONÓMICOS PODO ACCEDER?

Prestación periódica mensual (SXI)

Proporciona apoio económico ás mulleres en situación de violencia de xénero para tentar garantir unhas condicións de independencia respecto do agresor ou persoa que mantivese sobre ela unha relación de dominación (vítimas de trata con fins de explotación sexual. Prazo aberto todo o ano)

Prestación de pagamento único (SXI)

Axudas dirixidas a mulleres que sofren violencia de xénero que residan en Galicia acrediten insuficiencia de recursos e especiais dificultades para obter un emprego.

Indemnización por violencia (sentencia xudicial) (SXI)

Axudas de indemnización dirixidas a mulleres que sofren violencia de xénero que residan en Galicia e acrediten insuficiencia de recursos e especiais dificultades para obter un emprego

Indemnización económica a fillas/os menores de 30 anos das vítimas mortais por violencia de xénero e a mulleres que resulten gravemente feridas (SXI)

Axudas de indemnización económica dirixidas ás fillas e fillos menores de 30 anos das vítimas mortais e axudas de indemnización dirixidas a mulleres gravemente feridas como consecuencia dunha agresión

OUTRAS

- Risga
- Vivenda:
 - Bono alugueiro social, bono luz, bono térmico
- Programas de inserción laboral e orientación laboral
- Programa de contratación de mulleres que sofren violencia de xénero por parte das entidades locais:

- Campamentos menores
- Estadias de tempo libre
- Axudas para libros e material escolar
- Exención prezos públicos universidade
- Cursos de defensa persoal e autocapacidades